

The background of the cover is a solid blue color. In the center, there is a faint, semi-transparent image of a hand with the index finger pointing upwards. Overlaid on this hand and the background is a network diagram consisting of several circular nodes, each containing a person icon, connected by thin lines. The text 'PLAN DIXITAL' is centered in white, bold, uppercase letters.

# PLAN DIXITAL

CRA DE NARON

XUÑO 2022

Xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## Introdución

### Datos básicos do centro

O **CRA DE NARÓN** é un colexio Rural Agrupado, un centro de titularidade pública dependente da Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria.

- A estrutura do Centro é diferente á de un colexio convencional, pois componse de 2 escolas de Educación Infantil e 1 de Educación Infantil e Primaria con 11 aulas funcionando neste momento. As escolas que compoñen o CRA sitúanse nas parroquias de: Sedes, O Val e Alto do Castiñeiro (Domirón). Polo tanto, abarca as etapas de educación infantil e educación primaria.

- O centro está situado no concello de Narón, ó norte da provincia da Coruña, na comarca de Ferrolterra. A sede do centro atópase en Lugar Igrexa (San Xiao), S/N BAJO, 15578, A Igrexa.. O número de teléfono é o 981 388 782 e o correo electrónico é [cra.naron@edu.xunta.gal](mailto:cra.naron@edu.xunta.gal).

- Este Plan Dixital vai dirixido á escola de Domirón. Na actualidade o número de profesores con base nesta escola é de 4. Deste profesorado 3 son funcionarios de carreira con destino definitivo e 1 é provisional. Prestan atención nesta escola as 2 mestras de AL de atención preferente con destino no CRA, así como os 3 especialistas do CRA (Lingua estranxeira, Música e Educación Física), todos con destino definitivo no centro. Tamén presta servizo na escola unha das 2 mestras de relixión católica compartidas con outros colexios da zona e con base neses centros. Dentro do persoal non docente, contamos con 2 ATE itinerantes.

- Con respecto ó alumnado, neste curso 2021/22 contamos con 64 alumnos/as de EI.

O centro conta cunha páxina **web** [Profesorado | CRA de Narón \(xunta.gal\)](#) que permite a apertura do funcionamento do centro (documentos, actividades, novas,...) a toda a comunidade educativa.

### Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

### **1.2.1 Cacterísticas socioeconómicas.**

- Na análise da composición social ou procedencia económica das familias dedúcese que unha porcentaxe alta pertence a un nivel socioeconómico medio ou medio-baixo , na súa meirande maioría castelan falantes.
- Respecto á actividade laboral dos proxenitores , na súa meirande parte realizan os seus traballos fora do fogar, cun importante porcentaxe no sector servizos.
- As familias, en xeral ,son colaboradoras existindo unha comunicación directa e constante ante calquera situación anómala. Aínda que existe un horario de atención ás familias, sempre se lles dá facilidades para acudir ao centro noutro momento, se por diversas circunstancias non puidesen vir nas horas de titoría.
- No centro están establecidos os mecanismos necesarios para a participación efectiva de todos os membros da comunidade educativa para que as súas opinións sexan consideradas e se teñen en contra á hora da toma de decisións.
- As familias participan no centro a través dos seus representantes no Consello Escolar, a través das distintas comisión Comisión de Convivencia, mediante a participación a través da ANPA do CRA e nas reunións canalizadas polas titoras.

### **1.2.2 Incardinación e contribución do PD ao proxecto educativo. Relación con outros plans e proxectos de centro.**

- Tendo en conta que as novas tecnoloxías da información e da comunicación son unha realidade na sociedade actual, é importante e decisivo que o sistema escolar non quede alleo ao que acontece cos novos medios.
- Por iso, neste centro promoveremos as medidas necesarias para que o profesorado, nas distintas áreas e materias, desenvolva actividades relacionadas co uso das tecnoloxías da información de da comunicación.
- O PE recolle, a través da concreción do Plan TIC, que as tarefas relacionadas co Equipo de dinamización das TIC considéranse unha labor colectiva do Equipo e do resto do Claustro dirixida pola persona coordinadora que en ningún caso podería realizalas en solitario.
- Así, co PD contribuiremos a esta labor colectiva a través dun traballo en equipo por parte de todo o Claustro tanto na formación sobre a creación de recursos TIC e no

uso da PDI; como no traballo en equipo para promover unha intervención educativa que promova ditos recursos dixitais ó noso alumnado na práctica educativa diaria.

•

### **1.2.3.- Contribución do PD á programación xeral anual do curso 22/23.**

Para o curso 22/23, tendo en conta as necesidades observadas nos anos anteriores, e despois do confinamento sufrido que mostrou as deficiencias a nivel dixital do profesorado en xeral, o equipo de dinamización das tecnoloxías da información e da comunicación propuxo diversos obxectivos para mellorar a competencia tecnolóxica tanto no profesorado como no alumnado.

- Manter e actualizar os equipos das diferentes escolas.
- Dinamizar o emprego das TIC nas escolas, tanto por parte do profesorado como do alumnado.
- Actualizar, manter e dinamizar a web do CRA de Narón, así como a Aula Virtual.
- Facer un banco de recursos TIC (documentos, actividades, vídeos interesantes, xogos,...), a través da Aula Virtual do Centro.
- Realizar cursos de formación relativos ao emprego da aula virtual entre o profesorado e todos aqueles que xurdan en peticións.
- Actualizar e formar aos propios membros do equipo TIC para igualar os coñecementos e competencias dos mesmos.
- Formar ao alumnado sobre todo da Educación Primaria para que sexan capaces de entrar e utilizar a Aula Virtual para que poidan usala desde as casas, chegado o momento de confinamento.

Para a consecución destes obxectivos, partiremos do PD, comezando cunha formación básica do profesorado na creación de recursos dixitais e no uso da PDI; e, deste xeito, ir introdución paulatinamente as TIC na intervención educativa diaria do noso centro.

### **Breve xustificación do mesmo**

O Plan dixital encádrase no marco europeo da competencia dixital e na recente aprobada Estratexia Dixital 2030 e no que se busca un cambio pedagóxico con propostas específicas na especialización e na personalización da aprendizaxe e unha plena transformación tecnolóxica nas aulas de ensino galegas.

Crease a Rede galega de Educación dixital na que se dará apoio e mentorización o conxunto de colexiós e institutos co fin de ter plenamente operativo un Plan Dixital propio en cada centro.

A lexislación na que se apoia este Plan Dixital e a seguinte:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

## **Proceso de elaboración**

Para desenvolver todos aspectos relacionados coa elaboración do PD creouse un grupo de traballo formado polo equipo TICs do centro.

Para desenvolver o plan dixital agrúpanse os centros en bloques que estarán coordinados e asesorados cada un deles por responsable de zona. Nos, en concreto petencemos o GRUPO ADIX 1, e a persoa encargada de controlar e mentorizar, é Alfonso Dopico Caneiro.

O curso desenvólvese en tres fases:

**FASE I: ANÁLISE E DIÁGNOSE DA SITUACIÓN DOS CENTROS**

Nesta primeira parte se levará a cabo unha enquisa : SELFIE , cuxo obxectivo e valorar o punto de partida e coñecementos a nivel tecnolóxico e dixital dos membros do claustro

A encuesta dííidese en 8 apartado diferenciados :

- Liderazgo
- Colaboración redes
- Infraestructuras e equipos
- Desenvolvemento profesional continuo
- Pedagogía: apoios e recursos
- Pedagogía : implementación na aula
- Practicas na avaliación
- Competencias dixitais do alumnado

Cos datos recollidos na enquisa teremos o “Informe grupal do test CDD” co que elaborárase o informe DAFO que recollerá as fortalezas, debilidades e ameazas a nivel dixital do centro nos distintos apartados recollidas na encuesta SELFIE

## FASE II: DESEÑO E ELABORACION DO PLAN DIXITAL

Nesta fase elabórase a táboa cos obxectivos de Plan de Acción e o Plan Dixital, que é o presente documento

Fase III: IMPLEMENTACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN.

O curso desenvólvese o longo de 20 horas, nas que están recollidas as de docencia que leváronse a cabo os días 21 de marzo e 20 de abril

## **Situación de partida**

### **Infraestructura, equipamento e servizos dixitais**

A dotación de equipamentos informáticos (de sobremesa) son na súa maior parte equipos obsoletos (o que xa están dados de baixa xa que teñen tanto tempo que o ben non compensa arranxalos o xa non hai pezas para eles) conseguidos de doacións o cedidos pola consellería pero procedentes doutros centros. O centro dos seus fondos foi renovando algún, a maior parte son do 2015.

Dos portátiles existentes (13), 2 foron comprados no 2021 con fondos do centro un deles para poder catalogar os libros da biblioteca, xa que estamos en proceso de poñela en marcha e un para a directora (e o único no equipo directivo)), do resto están en funcionamento 5 e os demais imposible traballar con eles, e o mesmo que cos de sobremesa, obsoletos e non compensa o non se pode arranxalos.



En canto as pizarras dixitais neste momento dispoñemos de 8.

Outro problema engadido é a dificultade de conectividade da WIFI, especialmente nos modulos da escola do Val

As plataformas que neste momento estanse a usar no centro son a Aula virtual e as comunicación coas familias fanse a través do Abalar.

Dende o mes de abril temos contratado o mantemento de todo o equipo informatico coa empresa Disomain

## Fontes empregadas para a análise DAFO

### 2.2.1.- Autoavaliación SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Post Secundaria
A-Liderado	Equipo Direct.	2.9				
	Profesorado	2.5				
	Alumnado					
B-Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.7				
	Profesorado	2.2				
	Alumnado					
C-Infraestructurase Equipos	Equipo Direct.	2.6				
	Profesorado	2.5				
	Alumnado					
D-Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.7				
	Profesorado	2.9				
	Alumnado					
E-Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.4				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado					
F-Pedagogía: Implmentación na aula	Equipo Direct.	1.9				
	Profesorado	2.6				
	Alumnado					
G-Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	1.3				
	Profesorado	1.7				
	Alumnado					
H-Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	1.4				
	Profesorado	2.2				
	Alumnado					

## 2.2.2.- Test CDD

### ÍNDICE CDD

#### 1.1. Participación

#### 1.2. Participación do centro

#### 1.3. Participación por etapas

#### 1.4. Participación segundo perfil do profesorado

#### 1.5. Resultados

#### 1.6. Puntuación e nivel de competencia do centro

#### 1.7. Puntuación e nivel de competencia por etapas

#### 1.8. Distribución do profesorado por niveis

#### 1.9. Puntuación e nivel de competencia do centro por competencias

#### 1.10. Distribución do profesorado por niveis dentro de cada competencia

#### 1.11. Resultados por subcompetencias

### 1. Participación

#### 1.1 Participación do centro

	Nº profesorado que participa	Nº profesorado total	% de participación
CENTRO	14	24	58,3%

No centro participaron 14 docentes dun total de 24 que foron convidados. É dicir participou o 58,3% do profesorado.

#### 1.2 Participación por etapas

	Nº profesorado que participa	Nº profesorado total	% de participación
Inf.	6	11	54,5%
Pri.	2	7	28,6%

Na etapa de Inf.: Realizaron o test 6 docentes do total de 11 que foron convidados nesta etapa. É dicir participou o 54,5% do profesorado desta etapa.

#### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	Nº profesorado que participa	Nº profesorado total	% de participación
Definitivo	10	15	66,7%
Provisional	3	5	60%
Substituto	1	4	25%

Do persoal Definitivo: Realizaron o test 10 docentes do total de 15 que foron convidados neste perfil. É dicir participou o 66,7% do profesorado Definitivo.

## 2. Resultados

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

	Puntuación mediado test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media dotest en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
CENTRO	44,8	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

A puntuación media no TestCDD do seu centro foi de 44,8 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Explorador/a (A2).

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación mediado test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media dotest en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	32,5	Principiante (A1)	66,2	Integrador/a (B1)
Pri.	63,5	Explorador/a (A2)	77,3	Integrador/a (B1)

Na etapa de Inf.: A puntuación media no TestCDD do seu centro foi de 32,5 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Principiante (A1).

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Principiante (A1)	4	28,6%
Explorador/a (A2)	8	57,1%
Integrador/a (B1)	2	14,3%
TOTAL	14	100 %

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

Dos 14 docentes do centro que participaron no test CDD obtemos os seguintes resultados: 4 teñen un nivel de competencia dixital Principiante (A1), é dicir, o 28,6%.

8 teñen un nivel de competencia dixital Explorador/a (A2), é dicir, o 57,1%.

### 2.4. Puntuación e nivel de competencia do centro por competencias

	Puntuación	Puntuación total da área	Puntuación mediasobre 10
1. Compromiso profesional	15,9	54	2,9
2. Recursos dixitais	9,6	30	3,2
3. Ensino e aprendizaxe	6,1	30	2
4. Avaliación	3,1	18	1,7
5. Capacitación do alumnado	5,3	24	2,2
6. Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado	4,8	36	1,3
Total	44,8	192	2

Na competencia 1. Compromiso profesional: A puntuación do seu centro foi de 2,9.

## 3 Distribución do profesorado por niveis dentro de cada competencia

	Principiante (A1)	Explorador/a (A2)	Integrador/a (B1)	Experto/a (B2)	Líder (C1)	Pioneiro/a (C2)	Total
1. Compromiso profesional	100%	0%	0%	0%	0%	0%	100%
2. Recursos dixitais	100%	0%	0%	0%	0%	0%	100%
3. Ensino e aprendizaxe	100%	0%	0%	0%	0%	0%	100%

4. Avaliación	100%	0%	0%	0%	0%	0%	100%
5. Capacitación do alumnado	100%	0%	0%	0%	0%	0%	100%
6. Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado	100%	0%	0%	0%	0%	0%	100%

O 100% do profesorado ten un nivel competencial Principiante (A1) na 1. Compromiso profesional

### 3.1. Resultados por subcompetencias

<b>1. Compromiso profesional</b>	Puntuación media (sobre 10)
1.1 Comunicación organizativa. Usar as tecnoloxías dixitais para mellorar a comunicación co profesorado, co alumnado e/ou coas familias.	4,5
1.2 Contornos virtuais de aprendizaxe. Xestionar contornos virtuais de aprendizaxe tendo en conta aspectos éticos e un uso adecuado do tratamento de datos.	2,7
1.3 Colaboración profesional. Usar tecnoloxías dixitais para colaborar e interactuar con compañeiros e compañeiras e/ou outros axentes educativos.	3,5
1.4 Tecnoloxías dixitais e infraestrutura do centro educativo. Empregar tecnoloxías dixitais (dispositivos, plataformas e software) e infraestrutura (acceso a Internet, rede local) dispoñibles no meu centro para mellorar a educación.	3,8
1.5 Práctica reflexiva. Reflexionar sobre a miña propia práctica profesional e a colectiva en canto ao uso das tecnoloxías dixitais.	1,7
1.6 Vida dixital. Contribuír dun xeito positivo e ético ao mundo dixital, tendo en conta prácticas dixitais seguras e responsables.	2,8
1.7 Aprendizaxe profesional (a través das tecnoloxías dixitais). Empregar as tecnoloxías dixitais para a propia aprendizaxe profesional.	3,2
1.8 Aprendizaxe profesional (sobre tecnoloxías dixitais). Participar en actividades de aprendizaxe profesional para o desenvolvemento da competencia dixital docente.	3,2
1.9 Pensamento computacional. Traballar cos conceptos e procesos do pensamento computacional como parte da competencia dixital docente.	1
<b>2. Recursos dixitais</b>	Puntuación media (sobre 10)
2.1 Busca e selección. Utilizar criterios de busca e selección para identificar recursos dixitais que cumpran os obxectivos do proceso de ensino- aprendizaxe.	4,5
2.2 Creación. Crear recursos dixitais que apoiem e melloren os obxectivos de ensino- aprendizaxe.	3,5
2.3 Modificación. Modificar os recursos dixitais existentes para o apoio e mellora dos obxectivos de ensino- aprendizaxe, respectando as licenzas de autoría e distribución.	2,7
2.4 Xestión e protección. Organizar os contidos dixitais, permitindo un acceso fácil e seguro para o alumnado, as familias e o profesorado, e protexendo ao mesmo tempo os datos persoais e confidenciais.	2,8
2.5 Compartir. Compartir contidos dixitais respectando ás normas de propiedade intelectual e os dereitos de autoría.	2,5

<b>3. Ensino e aprendizaxe</b>	Puntuación media (sobre 10)
3.1 Ensino. Diseñar, desenvolver e apoiar á aprendizaxe co uso das tecnoloxías dixitais para mellorar os resultados desta aprendizaxe.	3,2
3.2 Orientación. Utilizar as tecnoloxías dixitais para proporcionar retroalimentación e oportunidades para a reflexión, que conducen a reaxustar as prácticas de ensino- aprendizaxe tanto para o profesorado como para o alumnado.	2
3.3 Aprendizaxe colaborativa. Utilizar as tecnoloxías dixitais para fomentar e mellorar a colaboración do alumnado na aprendizaxe individual e colectiva.	1,5
3.4 Aprendizaxe autorregulada. Utilizar as tecnoloxías dixitais para potenciar os procesos de aprendizaxe autorregulada do alumnado, fomentando a aprendizaxe activa e autónoma de modo que asuma a responsabilidade da súa propia aprendizaxe, e así desprazar o foco de atención do ensino á aprendizaxe.	1,5
3.5 Tecnoloxías emerxentes. Utilizar as tecnoloxías emerxentes de forma ética para explorar experiencias e contidos de aprendizaxe novos.	2
<b>4. Avaliación</b>	Puntuación media (sobre 10)
4.1 Estratexias de avaliación. Usar as tecnoloxías dixitais para apoiar a avaliación formativa e sumativa da aprendizaxe.	1,8
4.2 Análise de evidencias. Usar as tecnoloxías dixitais para recoller e analizar evidencias sobre os procesos e resultados da aprendizaxe do alumnado.	1,5
4.3 Retroalimentación e planificación. Usar as tecnoloxías dixitais para proporcionarlle retroalimentación ao alumnado, facilitando a planificación de accións posteriores.	1,7
<b>5. Capacitación do alumnado</b>	Puntuación media (sobre 10)
5.1 Accesibilidade e inclusión. Garantir o acceso a recursos dixitais e actividades de aprendizaxe para todo o alumnado, tendo en conta as limitacións contextuais, físicas ou cognitivas para o seu uso.	2,7
5.2 Diferenciación e personalización. Usar as tecnoloxías dixitais para abordar as diversas necesidades e capacidades de aprendizaxe, permitindo que o alumnado avance a diferentes niveis e velocidades e siga itinerarios e obxectivos individuais de aprendizaxe.	1,8
5.3 Compromiso activo do alumnado coa súa propia aprendizaxe. Usar as tecnoloxías dixitais para fomentar o compromiso activo e creativo do alumnado na súa aprendizaxe.	2,3
5.4 Aprendizaxe mixta. Usar recursos e ferramentas dixitais, contornos virtuais de aprendizaxe e plataformas en liña para garantir a aprendizaxe do alumnado dentro e fóra da aula.	1,8

<b>6. Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado</b>	Puntuación media (sobre 10)
6.1 Alfabetización en datos e informacional. Incorporar actividades de aprendizaxe que lle esixan ao alumnado o uso de tecnoloxías dixitais para buscar, avaliar e xestionar información e datos en contornos dixitais.	1,3
6.2 Comunicación e colaboración. Implementar actividades de aprendizaxe que requirían que o alumnado se comunique e colabore mediante o uso de tecnoloxías dixitais.	1,3
6.3 Creación de contidos. Incorporar actividades de aprendizaxe que requirían que o alumnado se exprese a través de medios dixitais, modificando e creando contidos dixitais en diferentes formatos.	1,8

6.4 Seguridade e benestar. Capacitar o alumnado para que utilice as tecnoloxías dixitais de forma segura, á vez que se minimizan os riscos para garantir o benestar físico, psicolóxico e social.	1,3
6.5 Uso responsable. Capacitar o alumnado para que utilice as tecnoloxías dixitais de forma responsable e ética, xestionando a súa identidade dixital, a súa pegada dixital e a súa reputación dixital.	0,8
6.6 Resolución de problemas. Incorporar actividades de aprendizaxe nas que o alumnado utilice as tecnoloxías dixitais para comprender e resolver problemas.	1,5

### 2.3. Análise DAFO

	INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
	<b>INFRAESTRUCTURAS-EQUIPAMENTO</b>	O centro conta con dispositivos dixitais. As aulas dispoñen de dispositivos dixitais.	Falta de infraestructuras que respalden a ensinanza dixital. Nin o alumnado nin o equipo docente ten acceso aos dispositivos dixitais. O centro conta con dispositivos obsoletos.
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	O equipo directivo apoia novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais. O equipo docente participa nas DPC relativas ás tecnoloxías dixitais.	Non empregamos as tecnoloxías dixitais para a práctica da avaliación. Escaso fomento na participación de proxectos interdisciplinares con tecnoloxías dixitais.
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		
	<b>ALUMNADO</b>	Realización de actividades de aprendizaxe dixital que implican ao alumnado e adaptadas ás súas necesidades.	Escaso uso de entornos virtuais de aprendizaxe co alumnado. Escasa formación do uso adecuado das redes e de internet.
	<b>FAMILIAS</b>		
	<b>OFERTA</b>		
	<b>ORGANIZACIÓN DE CENTRO</b>		O centro non conta cunha estratexia dixital. Falta de tempo para explorar e mellorar a ensinanza dixital. Falta de oportunidades para debater sobre as vantaxes e desvantaxes da ensinanza dixital polo que non podemos avaliar os nosos progresos.

C A T E G O R Í A S	EXTERNOS	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Participación en actividades formativas organizadas pola Administración Educativa para a actualización das competencias dixitais	Falta de tempo para explorar e mellorar a ensinanza dixital.
	LEXISLACIÓN	O equipo directivo coñece a normativa relativa a adquisición de equipamento informático	
	CONTORNA		Problemas de conexión. Algún alumnado non ten conexión nin dispositivos que lles permitan a ensinanza dixital no ámbito doméstico. Moito alumnado non ten formación básica para acceder aos entornos dixitais no ámbito doméstico.
	ANPA		A competencia dixital das familias é baixa.
	OUTRAS ENTIDADES		Poucas oportunidades de colaboración con outras organizacións para empregar tecnoloxías.

## Plan de Acción

### Obxectivos, indicadores e accións

#### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Pedagogía: Apoios e recursos			
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Crear recursos dixitais para empregar na práctica docente		
Responsable:	Xefatura de estudos.Equipo TICs		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Número de recursos dixitais creads polo profesorado participante no PFPP		
<b>Valor de partida: (3)</b>	Non aplica (sen previos)		
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	3 recursos dixitais creados por docente		
ACCIÓNS A DESENVOLVER			
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)



AO1.1:Solicitar un PfPP cunha liña de creación de recursos dixitais	Equipo Directivo	30/10/22	ORDENADORES CON CONEXIÓN A REDES (DISPOÑIBILIDADE HORARIA)
AO1.2: Crear recursos dixitais adaptados ao currículo	PROFESORADO IMPLICADO	20/06/23	ORDENADOR CON CONEXIÓN A INTERNET
AO1.3:Publicar na aula virtual recursos dixitais adaptado ao currículo creados polo profesorado	PROFESORADO	20/06/23	RECURSOS CREADOS

Área/s de mellora:			
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	ADQUIRIR MAIOR COMPETENCIA NO EMPREGO DA PDI PARA O DESEMPEÑO DAS TAREFAS		
Responsable:	XEFATURA DE ESTUDOS. EQUIPO TICS		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	ACADAR QUE UN 90% DO PROFESORADO UTILICE A PDI		
<b>Valor de partida: (3)</b>	10% DO PROFESORADO UTILIZA ESTA FERRAMENTA		
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	ACADAR UN RESULTOADO DUN 80%		
ACCIÓNS A DESENVOLVER			
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)
AO1.1: SOLIITAR UN UN PFPP PARA UN USO APROVEITADO DAS PDIs	EQUIPO DIRECTIVO	30/10/22	ORDENADOR, PDI E CONECTIVIDADE
AO1.2: DESEÑO DE TAREFAS QUE SEW PROPOÑEN AO ALUMNADO	PROFESORADO IMPLICADO	2º TRIMESTRE	ORDENADOR, PDI E CONECTIVIDADE
AO1.3:EMPREGAR OS RECURSOS CREADOS COA PDI NA LABOR DIARIA NA AULA	PROFESORADO	3º TRIMESTRE	ORDENADOR, PDI E CONECTIVIDADE

### 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A dotación de equipamentos informaticos (de sobremesa) son na súa maior parte equipos obsoletos (o que xa están dados de baixa xa que teñen tanto tempo que o ben non compensa arranxalos o xa non hai pezas para eles) conseguidos de doacios

o cedidos pola consellería pero procedentes doutros centros.. O centro dos seus fondos foi renovando algún, a meirande parte son do 2015.

Dos portátiles existentes (13), 2 forón comprados no 2021 con fondos do centro un deles para poder catalogar os libros da biblioteca, xa que estamos en proceso de poñela en marcha e un para a directora (e o único no equipo directivo)), do resto están en funcionamento 5 e os demais imposible traballar con eles, e o mesmo que cos de sobremesa, obsoletos e non compensa o non se pode arraxanlos.

En canto as pizarras dixitais neste momento dispoñemos de 8, tres delas pendetes de revisión

## **Avaliación do plan**

### **4.1 Seguimento do Plan de Acción.**

Despois da fase de concreción do plan dixital, na que se seleccionaron os obxectivos e se deseñaron as accións para a súa consecución, é preciso elaborar o seguimento e avaliación do mesmo. Trátase de valorar e mellorar as accións proxectadas para que sexan accesibles, aplicables, eficaces e, de ser o caso, propoñer novas accións.

A avaliación atenderá a aspectos relacionados co alumnado, aos relativos ao profesorado e o funcionamento xeral do centro, así como a implicación das familias.

No contexto da avaliación procesual, realizarase en distintos momentos ó longo de todo o proceso de implantación, e como mínimo unha vez ó trimestre. Este proceso permitiranos coñecer o estado de execución das actuacións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das actuacións e as propostas de mellora.

A avaliación final informaranos sobre o grao de cumprimento dos obxectivos e da realización e adecuación das actuacións levadas a cabo. Será como mínimo unha vez ao ano

Utilizaranse procedementos tales como: cuestionarios ou reunións co profesorado implicado.

## 4.2.- Indicadores

- Número (3) de recursos dixitais creados polo profesorado participante no PFPP
- Acadar que un 90% do profesorado utilice a PDI

## 5.- Difusión do plan dixital

O plan dixital, unha vez aprobado polo claustro e consello escolar, debe ser coñecido e asumido por todas as persoas integrantes da comunidade educativa.

O equipo directivo do centro levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da comunidade educativa. Por este motivo, despois de ser aprobado, farase público a través da páxina web do centro.